



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000002

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas, do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 39 de de data 25 de xaneiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.01.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do 5.01.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión)..

2º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA ANGELA DOLORES BOUZA AMENEIROS.-

Visto o expediente tramitado a instancia de interesada para a concesión de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos e tendo en conta a proposta de Alcaldía de data 23.01.23 que consta incorporada no dito expediente, do contido que se recolle, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e co acordo unánime dos seus membros resolveu a súa aprobación.

PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA:

“EXPTE. 2023/R002/000001

Asunto: Licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

En data 18.01.23 con rexistro 2023000000155, dona [REDACTED] con DNI ***1675** presenta solicitude para a tenencia de animais potencialmente perigosos

correspondente ao expediente administrativo TEDEC 2023/002/000001 e acompaña documentación.

Considerando que:

1.- A solicitante cumpre os requisitos establecidos no artigo 3 do RD 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos achegando coa solicitude:

Certificado negativo de antecedentes penais.

Certificado negativo de sancións-administrativas á Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.

Certificado de capacidade física e de aptitude psicolóxica.

Acreditación de ter formalizado seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.

2.- Que presenta a seguinte documentación:

DNI

Características do animal que fan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e número de microchip mediante copia de cartilla.

3.- Consta no expediente volante de empadronamento da interesada neste municipio de Valdoviño.

Tendo en conta que a solicitude da licenza, e os documentos están completos e que na tramitación do expediente obaserváronse as prescricións legais aplicables, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder á peticionaria a licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos, que terá unha validez de 5 ANOS, de acordo co apartado 3º do citado art. 3 do RD 287/2002 de marzo. Segundo este mesmo apartado, a licenza poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración; non entanto, perderá a súa vixencia no intre en que a súa titular deixe de cumprir calquera dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Segundo.- A concesión da presente licenza administrtriva obriga ao estrito cumprimento das medidas de seguridade esixidas no reiterado RD 287/2002, e responsabiliza á súa titular do incumprimento de calquera delas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso á interesada, onde constan as obrigas xerais que deben de cumprir os titulares da licenza.

Cuarto.- Realicense os demais trámites administrativos precisos derivados do acordo.

/Documento datado e asinado electrónicamente polo sr. alcalde, na marxe esquerda do mesmo/.

3º .-EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS

Despois de tomar razón do expediente de obra que se referencia e da proposta de Alcaldía que consta asinada no dito expediente en data 25.01.2023, cuio texto se incorpora, en votación ordinaria e acordo por unanimidade dos seus membros a Xunta de Goberno Local procedeu á súa aprobación.

“Expediente. 2022/C003/000002

Proposta de Alcaldía:

CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

A citada obra está incluída no POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña; Proxecto redatado por Miguel A. Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos, Nº Col. 27.796

Financiamento:

Deputación .- 201.505,60€

Concello: 18.079,68€

Total proxecto sen IVE.- 181.475,44€

IVE.- 38.109,84€

Total proxecto .- 219.585,28 euros

Notificación de levantamento da condición existente e de que se aproba de xeito definitivo o investimento pola Deputación Provincial da Coruña,

Acordase a aprobación de expte contratación e comezo de adjudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación ordinaria), en Xunta de Goberno Local do 13.10.22.

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP) o 26.10.22; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 01.12.2022; presentándose catro empresas licitadoras, admitidas tres e requireselle a unha documentación e tras subsanar resultan todas elas admitidas.

Aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 21.12.2022; comprobase que as ofertas se axustan ao modelo e ofrecense os seguintes prezos que se reproducen, así como o resolto pola Mesa de Contratación:

“.....

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 179.025,52 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.595,36 euros.
- c) Total (A+B).- 216.620,88 euros

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 170.239,67 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.750,33 euros.
- c) Total (A+B).- 205.990,00 euros

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

- a) Prezo sen IVE.- 174.500 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 36.645,00 euros.
- c) Total (A+B).- 211.145,00 euros

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.

- a) Prezo sen IVE.- 177.755,11 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.328,57 euros.
- c) Total (A+B).- 215.083,68 euros

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C003/000002 - Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros.

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 181.475,44€, resultando:

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 179.025,52 euros.- Baixa (%).- 1,35. – Puntuación.- 6,30

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 170.239,67 euros.- Baixa (%).- 6,19.- TEMERARIA.- Puntuación.- 28,89

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 174.500,00 euros.- Baixa (%).- 3,84 Puntuación.- 17,92

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 177.755,1 euros.- Baixa (%).- 2,05 Puntuación.- 9,57

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto cun único criterio de adxudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta,

mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- REQUERIR á empresa NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

2º.- A documentación xustificativa realizada polo licitado incurso en baixa, será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal”.

Efectuado o requerimento á empresa Excavaciones Saavedra y López, S.L presenta en data 9.01.23 a documentación xustificativa da baixa: documentación que en data 9.01.23 se traslada ao técnico municipal para informe, quen o emite e presenta en data 17.01.23, no que di :

“

...

IV. A empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ SL, presentou unha memoria xustificativa o día **09.01.2023** (núm. rex. **20239990000021**), **axustada** ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 da memoria, como son:

- Experiencia en obra civil dende mais de 25 anos e proximidade das oficinas ao lugar das obras.
- Disponibilidade en propiedade de maquinaria para a realización dos traballos.
- Existencia dun equipo técnico en plantilla para a xestión da obra e de encargados con experiencia.
- Amplia carteira de provedores locais.

A. Materiais:

A.1 Compra:

- Achégase carta de compromiso de subministro para os áridos, por parte da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro da tubaxe e sinais, por parte da empresa SUMINISTROS VALDOVIÑO S.L.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro de materiais por parte da empresa QUIMIASFALT S.L.L., para as emulsións asfálticas, detallando prezos.
- Achégase cadro de prezos descompostos das unidades de obra.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia: Non se indican materiais de produción propia.

B. Maquinaria:

B.1 Alquiler:

- Indícase que non se alugará maquinaria por ter un parque propio.

B.2 Medios propios: Incorpórase a relación detallada dos vehículos e maquinaria da empresa. Informando que toda ela se atopa amortizada. Achégase cadro de prezos da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase oferta económica das unidades de obra detallada por capítulos, sendo as únicas baixas ofertadas as correspondentes aos porcentaxes aplicados dos gastos xerais (**13 % no proxecto e 6% na oferta**) e no beneficio industrial (**6 % no proxecto e 5,63% na oferta**). Mantense o prezo da mao de obra fixada do prego.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios dende o 2017 ao 2021, a relación de obras (co seu importe) que a empresa está executando actualmente e que executará nun futuro, e o número total de traballadores do plantel.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- Achégase certificado da empresa indicando os custes laborais fixos, o número total de traballadores e os traballadores adscritos á obra.
- Achégase relación nominal de traballadores emitida pola Tesorería General de la Seguridad Social.
- Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos traballadores adscritos á execución do contrato, asinado tamén polo representante sindical dos traballores.

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

Achégase declaración da empresa, sobre a non intención de subcontratar ningunha unidade de obra.

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”

En data 23.01.23, a Mesa de Contratación celebra sesión na que tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á xustificación da oferta económica presentada pola empresa Excavaciones Saavedra y López, **RESOLVE:**

Primeiro.- FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de obra: Reparación de Estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros a favor da empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL, NIF 15164106; motivado en que se considera xustificada a baixa temeraria conforme ao informe técnico emitido ao respecto e que dita empresa é a máis vantaxosa economicamente (factor prezo único criterio de valoración); previa presentación polo licitador da documentación para serlle adxudicado o contrato.

Segundo.- Elevar dita proposta ante a Xunta de Goberno Local, coma órgano de contratación neste procedemento.

En base aos antecedentes expostos, esta Alcaldía, **PROPÓN á Xunta de Goberno Local**, a adopción dos seguintes **acordos**:

PRIMEIRO.- Ratificar e declarar válidas as actuacións levadas a cabo no procedemento, aceptando a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación Permanente de Obras en sesión do 23.01.23.

SEGUNDO.- De conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación, en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, **REQUERIR ao licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- Notifíquese dito acordo ás empresas licitadoras.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime máis convinte
Documento asinado electrónicamente polo alcalde.

4º.- EXPEDIENTE: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE. ESCRITO DO DIRETOR DE OBRA, SOBRE RESOLUCIÓN CONTRATO MUTUO ACORDO.-

Realizada petición de informe en xunta de goberno local de 19.12.22 ao director da obra, don Rubén Fernández Lombardero, este técnico, en data 18.01.2023 (entrada 202399900000081), emite informe do que se da conta nesta sesión de 26.01.23 á Xunta kde Goberno Local, nel INFORMA:

“PRIMERO. - Que la Xunta de Goberno Local del Concello de Valdoviño, en sesión extraordinaria de fecha 19/12/2022, acuerda entre otros, **Que polo director de obra se emita informe sobre os feitos que poden ser causa da resolución do contrato así como sobre os efectos da mesma.**

SEGUNDO. - Que en la notificación recibida se indica que la “empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. para a resolución do contrato por mutuo acordo pola inflación xerada no país pos-pandemia non lle é viable nin coa revisión de prezos.”.

TERCERO. - Que **en relación con la situación de “inflación xerada no país pos-pandemia” a la que alude la empresa**, conviene indicar que las excepcionales circunstancias sociales y económicas que ha producido la pandemia desencadenada por el virus SARS-CoV-2 han repercutido de una

manera directa en la ejecución de determinados contratos del sector público. Tras el descenso experimentado en 2020, los precios de las materias primas han subido con fuerza en 2021 en el contexto de la recuperación económica. El alza extraordinaria del coste de determinadas materias primas que resultan necesarias para la ejecución de ciertas unidades de obra, ha repercutido de manera intensa en los contratos de obras.

A mayor abundamiento, la guerra de Ucrania presiona aún más los costes de la construcción disparando unos precios que llevaban ya tensionados unos meses debido a la situación expuesta en el punto anterior. El conflicto bélico actualmente en desarrollo en Ucrania ha provocado el cese de la actividad de importantes productores de materiales de construcción.

El alza de precios iniciado en el año 2021 se está viendo agravada por el conflicto bélico, provocando que muchas industrias del sector hayan optado por la paralización de su negocio al no poder asumir estos costes.

La revisión excepcional de precios de los contratos de obras prevista en el **REAL DECRETO-LEY 3/2022, de 1 de marzo**, aún con las modificaciones de (REAL DECRETO-LEY 6/2022, REAL DECRETO-LEY 14/2022 y ORDEN HFP/1070/2022), puede no ser suficiente para, tal y como señala la mercantil, la obra le resulte “viable nin coa revisión de prezos”, extremo que este técnico desconoce.

CUARTO. - El artículo 211.c, de la LCSP, recoge, como una de las causas de resolución de los contratos administrativos, el **mutuo acuerdo**.

En el artículo 212.4, de la citada ley, se señalan los requisitos para poder resolver los contratos

por mutuo acuerdo, que son los siguientes: cuando no concurra otra causa de resolución imputable al contratista, y siempre por razones de interés público que hagan innecesaria o inconveniente la permanencia del contrato.

El gran aumento del coste de materias primas sufridas por el efecto de la pandemia del COVID-19, no sería causa o incumplimiento imputable al contratista, según el Informe Núm. 8/2013, de 10 de abril, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón, que señala: “...es preciso que no exista ningún incumplimiento del contratista, no siéndole imputables a éste las consecuencias de la crisis económica sobre la economía del contrato”.

Como informó el Consejo de Estado en su Dictamen Núm. 1022/1992, de 17 de septiembre: “es perfectamente comprensible que una ajustada valoración del interés público puede respaldar no sólo la conveniencia de resolver el contrato, sino también la de hacerlo por mutuo acuerdo, atribuyendo una mayor eficacia expeditiva a tal acuerdo y resaltando incluso su utilidad preventiva de incidentes y controversias”.

QUINTO. - En cuanto a los efectos de la resolución del contrato de mutuo acuerdo, en el artículo 213.1 de la LCSP, dispone que: “los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas”.

Visto o informe a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros, acordou solicitar ao director de obra informe ampliado cos datos sobre parte de obras pendentes de execución e prazo estimado para a realización das obras.

5º.- EXPEDIENTE: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS NO ESPAZO DEPORTIVO DE ATIOS. ESCRITO DO ADXUDICATARIO, SOLICITANDO RESOLUCIÓN CONTRATO POR MUTUO ACORDO E SOLICITANDO DEVOLUCIÓN DE AVAL. ADOPCIÓN DE ACORDO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta á Xunta do escrito da adxudicataria Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, rexistro 2023999000000033 de data 11.01.23, adoptando a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros o **acordo** que se especifica:

“A vista do contrato de obras: Proxecto básico e de execución de pista polideportiva e dúas pistas de padel cubertas no espazo deportivo de Atios.

Á vista dos seguintes antecedentes:

A obra licitouse cun procedemento de contratación aberto, cun único criterio de valoración que foi o factor prezo e tramitación ordinaria.

Adxudícase en Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 02.12.21 a empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. por un importe de 201.276,77 € (prezo sen IVE) , 42.268,12 € (IVE); un Total de 243.544,89 €. O prazo de execución: 6 meses.

En data 11.01.2023 co núm. de rexistro de entrada 202399900000033 recíbese solicitude da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. para a resolución do contrato por mutuo acordo pola inflación xerada no país pos-pandemia non lle é viable nin coa revisión de prezos.

Examinada a documentación que acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 190, 191 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, do Contrato do Sector Público, polo que se traspoñen o ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Incoar o procedemento para acordar, se procede , a resolución do contrato da obra referida. O que conleva aos efectos correspondentes de conformidade co establecido nos artigos 213 e 246 da LCSP.

SEGUNDO.- Que polo director de obra se emita informe sobre os feitos que poden ser causa da resolución do contrato así como sobre os efectos da mesma.

TERCEIRO.- Que se emita correspondente informe sobre procedencia da devolución de aval.

6º.- ESCRITO DE 10.01.23 PROCEDENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DE QUE SE ENTENDE RESOLTO O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE.-

Informáse aos presentes pola secretaria municipal de escrito de data 10.01.23 recibido a través do Sistema de Interconexión de Rexistros remitido pola Servizo Galego de Saúde indicativo de que rematado o prazo de vixencia de convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Valdoivño, en data 30 de novembro de 2022, sen que se recibise na Dirección Xeral a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento do convenio por parte do concello, de conformidade coa cláusula sétima debe entenderse resolto dito convenio.

Os membros da Xunta dánse por enterados.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Pola Alcaldía dáse conta á Xunta de Goberno do proósito de incluír nesta sesión proposta para ampliación de crédito para o programa Concilia Tempos Mañás para dar continuidade a este programa esencial para conciliar a vida laboral e familiar de veciños.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ratifica a urxenza deste punto e queda incluído fóra da Orde do Día

.- INFORME PROPOSTA PARA A AMPLIACIÓN DO CRÉDITO PARA O PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” (2022-2023).-

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-Que nos últimos anos veu desenvolvéndose o programa Concilia Tempos Mañás, para cubrir a necesidade que moitas familias teñen de conciliar a vida laboral e familiar a primeira hora da mañá.

SEGUNDO.-Que inicialmente impulsouse no CPI Atios, se ben actualmente tamén se desenvolve en dúas escolas do CRA O Esquí (Taraza e Lago).

TERCEIRO.-Que a contratación do servizo realizouse na modalidade de contrato menor coa xestión externa de Picariños Animación S.L

CUARTO.-Que atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos: “* Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola leI, á cobertura dos gastos de organización” aprobouse un prezo mensual de 30 euros ao mes por neno ou nena e un custo de 20 euros para a modalidade de medio mes. Ambos supostos contan cun 20% de desconto para irmás.

QUINTO-. Que por ser unha necesidade constante e un servizo continuado é preciso licitar a contratación do dito servizo, se ben o procedemento administrativo aínda non está resolto. A previsión anticipaba a resolución da licitación a finais de ano, polo que só se solicitou a retención de crédito para o primeiro trimestre do curso escolar 2022-23.

Atendendo ao anteriormente exposto,

INFORMO: Que tendo en conta a imposibilidade de resolver a licitación do servizo dentro deste curso escolar, é preciso facer unha retención de crédito polo custo do servizo entre os meses de xaneiro a xuño, cunha estimación total de 11520 (+10% IVE).

Para que conste aos efectos oportunos. Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.”

Dada conta do anterior informe-proposta polo sr. Alcalde sométese a consideración da Xunta de Goberno Local. Este órgano procede a prestar conformidade ao mesmo, en votación ordinaria e por unanimidade.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

